

ACTA DE APERTURA DO “SOBRE B” DENOMINADO “CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS” DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 10:00 horas do día 16 de maio de 2018, réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do “**PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE AMES.**”

ASISTENTES:

Presidente:

José M. Miñones Conde, Alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal do Concello de Ames

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal do Concello de Ames

José Rogelio Pardo Martínez, Xefe do servizo de Contratación do Concello de Ames

Secretaría:

M. Isabel Quintáns Ríos, Auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

En representación da empresa licitadora B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A. asiste Juan M. Sánchez Albornoz, DNI 32.765.534-A.

Na sesión da mesa de contratación de data 21 de marzo de 2018, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, obtendo o seguinte resultado:

Empresa	
AON GIL Y CARBAJAL, S.A.U., Correduría de Seguros	Admitida
B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A.	Subsanar documentación
S4 SOLUCIONES ASEGURADORAS S.L.	Admitida

O 21 de marzo de 2018 (r.s. nº 20180000001761) dirixiuse escrito de requirimento de documentación á empresa licitadora B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A., a efectos de subsanación da documentación presentada no Sobre A, sendo aportada dita documentación o 22 de marzo de 2018 (r.e. 000/2059).

Tras analizar a mesa a documentación aportada pola empresa B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A. esta constata que a empresa licitadora aporta toda a documentación requirida, declarando polo tanto admitidas no procedemento as seguintes empresas:

Empresa
AON GIL Y CARBAJAL, S.A.U., Correduría de Seguros
B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A.
S4 SOLUCIONES ASEGURADORAS S.L.

A continuación procédese a apertura dos sobres B que conteñen as referencias técnicas

dos seguintes licitadores declarados admitidos.

Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, comprobouse que as empresas admitidas presentan toda a documentación esixida de acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo, e esta, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Declarar admitidas as seguintes empresas:

Empresa
AON GIL Y CARBAJAL, S.A.U., Correduría de Seguros
B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A.
S4 SOLUCIONES ASEGURADORAS S.L.

Segundo.- Nomear como técnico responsable da valoración das referencias técnicas do procedemento en curso a Eva Morales Rubianes, funcionaria da Deputación da Coruña.

Terceiro.- Remitir as proposicións técnicas anteriormente indicadas para a súa valoración e puntuación antes do acto de apertura de ofertas económicas e de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego.

Cuarto.- Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no "Sobre B" do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos "Sobres C" que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto sendo as dez horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria da mesma certifico.